

Resolución do 22 de xullo de 2010 pola que se corríxen erros no anuncio da Resolución do 8 de xullo de 2010, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios e trámite ordinario, do contrato do servizo para a escavación e consolidación arqueolóxica para a posta en valor do Castro de San Cibrao de Las, San Amaro/Punxín (Ourense).

Logo de advertir erros no anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 134, do 15 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Primeiro.-Realizar a corrección oportuna no texto do anuncio. No punto 8, letra a): onde di: «Data límite de presentación: antes das 19.00 horas do décimo quinto día natural...», debe dicir: «Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural...».

Segundo.-A publicación desta corrección no *Diario Oficial de Galicia* non modifica o prazo de presentación das ofertas, que remata o 30 de xullo de 2010 ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería
de Cultura e Turismo

Resolución do 22 de xullo de 2010 pola que se corríxen erros no anuncio da Resolución do 8 de xullo de 2010, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios e trámite ordinario, do contrato do servizo para a realización do inventario de bens mobles do patrimonio histórico en posesión de institucións eclesiásticas.

Logo de advertir erros no anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 133, do 14 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Primeiro.-Realizar a corrección oportuna no texto do anuncio. No punto 8, letra a): onde di: «Data límite de presentación: antes das 19.00 horas do décimo quinto día natural...», debe dicir: «Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural...».

Segundo.-A publicación desta corrección no *Diario Oficial de Galicia* non modifica o prazo de pre-

sentación das ofertas, que remata o 29 de xullo de 2010 ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería
de Cultura e Turismo

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Resolución do 24 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da Asociación Empresarios Transportistas del Servicio Discrecional de Viajeros de la Comunidad Autónoma de Galicia (Anetra-Galicia).

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1997, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou certificación onde se reflicte o acordo acadado na asemblea xeral extraordinaria que tivo lugar o 15 de marzo de 2008, na cal se recolle a modificación dos estatutos da dita asociación.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez

Director xeral de Relacións Laborais

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 15 de xullo de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria, do contrato non suxeito a regulación harmonizada de subministración que se cita.

Subministración con fabricación dunha embarcación areeira tradicional adaptada para transporte de persoas e como aula ambiental e de estudos científicos en augas interiores do río Anllóns (A Coruña) e a súa desembocadura.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa o expediente: Dirección.

c) Dependencia que tramita o expediente: División de Contratación.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: fabricación dunha embarcación areeira tradicional adaptada para transporte de persoas e como aula ambiental e de estudos científicos, coas características técnicas descritas no prego de prescricións técnicas particulares.

b) Lugar de execución ou de entrega dos bens: a embarcación deberá ser construída nas instalacións do adxudicatario coas particularidades indicadas na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas e deberá ser entregada a flote no porto da Telleira, do Concello de Cabana de Bergantiños.

c) Orzamento base de licitación: cento noventa e dous mil euros (192.000 €), IVE excluído.

d) Importe do IVE (8%): 15.360 euros.

e) Prazo de execución: seis (6) meses.

f) División por lotes: non hai.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración (sistema multicriterio).

4. Garantías:

a) Provisional: 5.760 euros (3% do orzamento de licitación, IVE excluído).

b) Definitiva: 5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Solicitude de información e consultas sobre os pregos: faranse a través de correo electrónico dirixidos á seguinte conta de correo:

laura.gonzalez.gurgueiro@xunta.es

Teléfono: 981 54 53 05.

b) Obtención de documentación: o prego de prescricións técnicas particulares, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e o cadro de características do contrato poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

-Perfil de contratante:

www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=14527

Neste perfil poderase facer o seguimento das diversas fases do procedemento de contratación.

-Web do órgano de contratación:

www.portosdeg Galicia.es

c) A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no número 7 a) deste anuncio.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non procede.

b) Outros requisitos: os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional conforme o disposto nos números 16 e 17

do cadro de características do contrato. Así mesmo, deberán observar o cumprimento de todos os demais requisitos que, se é o caso, se atopan especificados tanto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares como no de prescricións técnicas particulares.

7. Presentación de ofertas e das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará o 20 de agosto de 2010, ás catorce (14.00) horas.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado no número 18 do cadro de características do contrato, nos números 3 a 5 da cláusula 5 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares.

a) Lugar da presentación:

-Entidade: as proposicións presentaranse, en tres (3) sobres pechados, no Rexistro Central do ente público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, 5-A, 6º, polígono das Fontiñas (Área Central).

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

-Teléfono: 902 40 08 70.

-Fax: 981 54 53 24.

Tamén poderán presentarse por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura pública das proposicións económicas.

e) Criterios de adxudicación: a oferta económica máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos no número 11 do cadro de características do contrato.

f) Variantes: non se admiten.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º, polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: 15707, Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas técnicas (sobres B) levarase a cabo o día 9 de setembro de 2010. Nese acto público de apertura, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura das ofertas económicas (sobres C).

e) Hora: 12.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de realización dalgún acto público de apertura de proposicións, reflectirase a nova data no perfil de contratante.

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 6.2.1 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación administrativa (sobre A) e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se for o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos do anuncio: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

Cédula do 8 de xullo de 2010 pola que se notifica o acordo de inicio de procedemento administrativo sancionador coa clave 12-07-10-04.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, (BOE nº 112, do 14 de xaneiro) de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o acordo de inicio do procedemento administrativo sancionador por presunta infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro) de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por Orden ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

Para os efectos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o expedientado disporá dun prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta notificación no *Diario Oficial de Galicia*, para que poida examinar o expediente nos servizos centrais do ente público Portos de Galicia, sitos na praza de Europa, 5-A, 6º, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, e formular alegacións e presentar os documentos e informacións que coide pertinentes ante o instrutor do procedemento, segundo o establecido no Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto (BOE nº 189, do 9 de agosto).

De non efectuarse alegacións no prazo antes mencionado, o acordo de inicio, en aplicación do artigo 13.2º

do Real decreto 1398/1993, será considerado proposta de resolución.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción, e, en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

O pagamento voluntario porá fin ó expediente. O importe da sanción que en cada caso corresponda farase efectivo mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Galego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo de impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia e presentándoo en calquera entidade bancaria.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2010.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente: Sanc. 12-07-10-04.

Denunciante: celador do porto.

Denunciado: Fernando Martínez Rañales.

Último enderezo coñecido: Yáñez Badía, 12, 15620 Mugar dos (A Coruña).

Feito denunciado: atracada non autorizada.

Data, hora e porto: 8-9-2009, 12.10 horas, Mugar dos (A Coruña).

Precepto infrinxido: artigo 114.1º a) da Lei 27/1992, artigo 19 da Orde Ministerial do 12 de xuño de 1976.

Precepto sancionador: artigo 120 da Lei 27/1992.

Sanción proposta: 300 euros.

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BAIONA

Anuncio de nomeamento de catro auxiliares administrativos.

De conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 7/2007, do Estatuto do empregado público, faise público o nomeamento das persoas que a continuación se relacionan como funcionarios de carreira do Concello de Baiona.

Nome e apelidos:

Isabel Valverde Chamorro.